



Ollos abertos

A nosa relación cos demais

Nas nosas relacións coas demais persoas, ás veces enfadámonos, perdemos a amizade entre nós... Pero o que máis nos doe é sentirnos rexeitados, que non queiran volver a ser amigos nosos.



Cristina e Estefanía

Cristina é unha nena boa e servizal. Ao seu lado vive Estefanía da súa mesma idade.

Cristina quérelle moito e sempre está disposta a axudarlle.

Estefanía tén outras amigas e moitas veces deixa a Cristina para irse con elas.

Cristina sábeo e sofre. O que máis sente é que parece que Estefanía só a busca cando a necesita. Dóelle que rexeite a súa amizade, porque a quere de verdade.

- ▶ As nosas relacións parécense a veces ás de Cristina e Estefanía:
 - ¿Como son esas relacións? ¿Por que?
 - ¿Pasouche o mesmo ca elas algunha vez? ¿Que fixeches?
 - Se ti foses Cristina, ¿que farías? ¿Como te comportarías con Estefanía?
 - Non querer vela nunca máis.
 - Intentar facerlle dano.
 - Insistir para manter a amizade.
 - Acollela con cariño, cando veña.
 - Non lle dar importancia e buscar novas amizades.
 - ¿Que comportamento che parece máis axeitado?



Mirada penetrante

Amor sen condicións

Ante o rexeitamento da amizade, caben moitas maneiras de comportarse. Todo depende do amor que se teña.

Comportamentos ao noso arredor	Nós mesmos
	Ter dificultade para ofrecer de novo a amizade e axiña cansar, se o outro non o acepta.

► Amor sen condicións, amor con condicións...

– ¿Cal dos dous é máis frecuente ao noso arredor e en nós mesmos?



Oídos atentos

Deus ámanos sen condicións

Deus ámanos sen condicións. Por iso nos acolle sempre e ofrécenos incansablemente a súa amizade. Isto maniféstase na relación de Deus con Israel, o seu pobo escollido. Israel é un pobo:

■ 1 ■



- *¿Esquécese unha muller do seu meniño? ¿Non se compadece do fillo das súas entrañas? Aínda que ela se esqueza, eu non me esquezo de ti. (Is 49,15)*
- *Ti fuches ben querido aos meus ollos. Fuches glorificado, o meu predilecto. (Is 43,4)*

■ 2 ■



- *Vaite da túa terra, da túa patria, do teu clan á terra que eu che mostrarei. (Xén 12,1-2)*
Serás pai de moitos pobos... Eu serei o teu Deus e o dos teus descendentes. (Xén 17,4-7)

Escolleu a Abrahán para ser o fundador dese pobo.

Este non foi elixido polos seus méritos e calidades, senón por puro amor gratuito.



- *Non foi por serdes vós máis numerosos ca todos os pobos, polo que o Señor se namorou de vós e vos escolleu, pois sodes o máis pequeno de todos os pobos... Foi por puro amor polo que vos elixiu. (Dt 7,7-8)*

3



- Non temas, eu estou contigo. Non te angusties, que eu son o teu Deus. Fortalézote, auxíliote, sostéñote coa miña man vitoriosa. (Is 41,1)

4



- Eu son o Señor, o teu Deus, o que che ensina para que saques proveito. (Is 48,17)
Cantas veces o reprendo..., conmóvenseme as entrañas e teño que compardeceme del. (Xer 31,20)



5



A través de Israel, chegan a todos os pobos o amor e a salvación de Deus. El representa a todas as nacións da terra; nel fomos elixidos, amados, acompañados e educados todos.

- Convértote en luz das nacións, para que a miña salvación chegue ata o confín da terra. (Is 49,6)
- Os pobos todos da terra chamaranse benditos no teu nome. (Xén 12,1-3)



- Deus é o seu mestre que o orienta e lle axuda.
- Deus lévao no corazón e non o esquece.
- Deu fixouse nel e escolleuno para ser o seu amigo.
- Debe anunciar a todos os pobos a salvación e o amor de Deus.
- Deus vai sempre con el no seu camiño.

► Tendo en conta o que se di no apartado anterior, relaciona as dúas columnas:



Memoria esperta

Deus sae ao noso encontro

A Igrexa invítanos a non esquecer o grande amor que Deus nos tén. Por este amor, sae continuamente ao noso encontro para ofrecernos a súa amizade.

■ **¿Por que escolleu Deus a Israel?**

familia os pobos da terra dispersos polo pecado. (ENF p. 8)

■ **¿Como se comportou Deus con Israel?**

■ **¿Para que elixiu Deus a Israel?**

El escolleu a Israel para confiarlle o seu designio de reunir nunha



Mans activas

Todos fomos elixidos

No pobo elixido, todos fomos tamén elixidos e tratados con cariño por Deus.

■ **Vivir cada día...**

Tamén nós podemos vivir cada día como amados, elixidos, acompañados, educados por Deus. ¿Como?

Elixidos	<ul style="list-style-type: none"> ■ ■ Confiar nel.
Amados	<ul style="list-style-type: none"> ■ ■ Sentirse feliz porque acepta a cada un como é.
Acompañados	<ul style="list-style-type: none"> ■ Falar con El. ■
Educados	<ul style="list-style-type: none"> ■ escoitar a súa Palabra. ■

▶ **¿Como vivo estes compromisos?**

- ¿Cales vivo máis e cáles menos?
- ¿En que tería que mellorar?